

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 03/03/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCTAL

MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 03/03/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24 de febreiro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/0659

Vista a proposta do Servizo da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Peycar Pontevedra SL para o subministro de roupa de uniformidade para a axente da Policía Local NIP 297089, por un importe total de 1.217,26 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0662

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa - Zona Aberta, solicitando autorización para ocupación de vía pública para realizar actividade "VI Edición de Mercar na Rúa", o día 22 de marzo, na Praza de Galicia, en horario de 10:00 a 19:00 horas (en caso de choiva se trasladaría para o sábado 29 de marzo).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/0664

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, como presidenta da Asociación de Comercio e Hostalería de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia coa colocación dun pequeno remolque para facer filloas, o día 4 de marzo de 2025, en horario de 10:00 a 13:30 horas e de 17:00 a 20:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/0671

Dáse conta de escrito presentado polo CLUB VILAGARCÍA, S.D. no que solicita, autorización de uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do II TORNEO BENXAMÍN RATIBROM, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 9:00-22:00 horas, así como o material que a continuación se relaciona:

- A apertura do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, o día de celebración do devandito Torneo, ás 7:30 horas para realizar a montaxe do evento.
- A cesión de 100 valadas, 6 carpas e 6 mesas.
- Cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello.
- A circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol.
- A concesión de tres trofeos.

Dáse conta así mesmo do informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto e da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de autorización para celebración da citada actividade.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración do evento e dar conta á Policía Local en relación coa solicitude de circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol.

PRP2025/0673

En resposta á solicitude veciñal da creación dun paso de peóns na inmediacións da praza de Abastos de Vilaxoán, figura un informe da Policía Local redactado nos seguintes termos: "O policía que subscribe informa a Vde. que en relación á solicitude veciñal da creación dun paso para peóns nas inmediacións da praza de Abastos de Vilaxoán, é parecer do policía informante que o lugar idóneo para a súa localización, sería fronte á Trav. Avelina Nogueira (lateral da Praza de Abastos máis próximo a Rúa Peirao), xa que esta rúa atópase empedrada e sería preciso a sinalización desta travesía como peonil para que os vehículos non transiten nin estacionen nela e dar seguridade aos peóns e usuarios da Praza de abastos.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización da Travesía Avelina Nogueira como peonil para evitar o tránsito de vehículos e dar seguridade aos peóns.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Alvaro).

PRP2025/0674

Dáse conta de escrito presentado polo CLUB VILAGARCÍA, S.D. no que solicita, autorización de

uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do II TORNEO PREBENXAMÍN VILAGARCIA, o vindeiro día 18 de maio do presente ano, de 9:00-22:00 horas, así como o material que a continuación se relaciona:

- A apertura do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, o día de celebración do devandito Torneo, ás 7:30 horas para realizar a montaxe do evento.
- A cesión de 100 valadas, 6 carpas e 6 mesas.
- Cesión dun equipo de son
- Cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello.
- A concesión de tres trofeos.
- Acceso á instalación en sentido único, para evitar aglomeracións no acceso á mesma.

Dáse conta así mesmo do informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto e da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de autorización para celebración da citada actividade.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración do evento e dar conta á Policía Local en relación coa solicitude de circulación de dirección unica de subida e baixada do citado Campo de Fútbol.

PRP2025/0675

Dáse conta do escrito presentado por Dona Betzi Yaderis Pérez García, solicitando autorización para celebración dunha festa de Entroido no local Cafe Petit & Fashion (Avda. Rosalía de Castro nº 151) o día 1 de marzo, en horario de 18:00 a 03:00 horas, con musica no citado local, así como utilización da terraza e parte da vía pública.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0678

Dáse conta do escrito presentado por D. Alexandre Vázquez Lorenzo, en representación de EDUCATEATRO PRODUCCIÓN SL, solicitando autorización para ocupación de vía pública do 1 ao 14 de abril de 2025, coa realización de funcións do Circo de Pinocho os días 4, 5, 6, 11, 12 e 13 de abril.

Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para instalación na zona municipal do Ramal, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/0679

Dáse conta de escrito presentado polo CLUB VILAGARCÍA, S.D. no que solicita, autorización de uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do I TORNEO ALEVÍN VILAGARCIA, o vindeiro día 1 de maio do presente ano, de 9:00-22:00 horas, así como o material que a continuación se relaciona:

- A apertura do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, o día de celebración do devandito Torneo, ás 7:30 horas para realizar a montaxe do evento.
- A cesión de 100 valadas, 6 carpas e 6 mesas.
- Cesión dun equipo de son
- Cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello.

- A concesión de tres trofeos.

- Acceso á instalación en sentido único, para evitar aglomeracións no acceso á mesma.

Dáse conta así mesmo do informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto e da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de autorización para celebración da citada actividade.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración do evento e dar conta á Policía Local en relación coa solicitude de circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol.

PRP2025/0686

Dáse conta de queixas presentadas pola localización dos colectores que hai fronte ao número 20 da rúa San Roque,

Dáse conta de informe da policía local, no que se fai constar que o último está fronte ao número 22 e practicamente encima da saída dun vao permanente ao cal resta por completo a visibilidade dos vehículos usuarios do mesmo á hora de incorporarse á circulación, polo que se recomenda o traslado deste último contedor de papel ao comezo fronte ao número 20.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda ao traslado do colector de papel fronte ao nº 20 da Rúa San Roque.

Dar conta á Empresa URBASER SAU.

PRP2025/0699

O pasado 27 de xaneiro de 2025, unha forte tormenta afectou varias instalacións de bombeo en Vilagarcía de Arousa. Durante a treboada, un raio impactou en distintos cadros de bombeo, provocando a avaría de 4 equipos Hermes. Como consecuencia destes danos, houbo incidencias na supervisión e control do sistema de bombeo, afectando a operatividade e seguridade das infraestruturas municipais.

Para solucionar esta situación e restablecer o servizo, é necesario proceder á adquisición de 5 equipos Hermes, que permitirán a supervisión e xestión remota das instalacións, alertando de posibles incidencias como vertidos, fallos de bombas ou paradas inesperadas. Estes dispositivos optimizarán a operatividade do servizo, reducindo tempos de resposta e mellorando a eficiencia na xestión das infraestruturas municipais.

O Departamento de Bombeo conta cos medios técnicos necesarios para levar a cabo a instalación dos equipos Hermes de forma eficiente, reducindo os tempos de resposta e evitando custos adicionais derivados de intervencións externas. A compra deste material permitirá dispoñer dun stock de reposición para futuras avarías, asegurando unha resposta máis rápida e eficaz ante calquera incidencia similar.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Grupo Electro Stocks SLU- Kilovatio Arosa para o subministro de 5 equipos Hermes para o control dos bombeos a distancia, por un importe total de 2.057,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 160.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0711

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Cristina Mariño Villadamigo, en representación de Asociación West Coast Swing Vilagarcía, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 29 de abril, en horario de 19:00 a 20:00 horas a realización dun evento de demostración de baile, animacións e unha clase aberta para o público.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada

actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/0715

Dáse conta do escrito presentado por D. Gustavo Antonio Tojo Fernández en representación do IES CASTRO ALOBRE, solicitando autorización para. ocupación de vía pública apara realización dunha cerimonia, lectura dun manifesto e lanzamento de pétalos de flores ao Rego do Con, o día 8 de abril de 2025, en horario de 9:00 a 11:00 horas, en conmemoración do Día do Pobo Xitano. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/0738

Dáse conta de resolución do Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola que concede a autorización previa á desafectación dos edificios da EEI de Solobeira e da EEI de Guillán, do Concello de Vilagarcía de Arousa. Tendo en conta que non se presentaron alegacións en relación con este expediente, enténdense definitivamente desafectadas do uso educativo os devanditos centros.. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2025/0660

Dáse conta da Resolución de 19 de febreiro de 2025 da Secretaría de Estado de Turismo, con entrada no entrada no Concello o 20 de febreiro, modificadora da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 € dentro do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino.

A resolución modificadora resolve:

Autorizar a modificación substancial presentada para o "Plan de Sostenibilidad Turística en Destino 'PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa", integrando a actuación 4 do Eixo 2, dentro da actuación 9 do eixo 4, e modificando por tanto os orzamentos totales da ambos Eixos no Anexo da Resolución de Concesión da subvención.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da modificación da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 € dentro do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino, nos termos que figuran na

citada resolución.

PRP2025/0704

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, dunha subvención total de 40.000 €, ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2025 (DOG nº 30 do 13 de febreiro de 2025) pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a Concellos de Galicia, en réxime de Concorrenza competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR460D) para a contratación de 12 traballadores/as desempregados/as (Bañistas/Socorristas) a xornada completa durante tres meses, dende o 1 de xullo de 2025 para a realización de actividades de asistencia, salvamento e socorrismo nas praias do Municipio, cunha aportación municipal de 36.090,68 €, no suposto de que se conceda a totalidade da subvención que se solicita.

O custo total ascende a 76.090,68 €.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/0694

O “Programa Universitario de Maiores IV Ciclo” que se pretende subvencionar, foi articulado mediante convenios de colaboración nos últimos anos coa Universidade de Santiago de Compostela. Trátase dun programa de formación dirixido aos alumnos e alumnas maiores de 50 anos, con independencia do seu nivel previo, pero con características e demandas de formación reguladas, que cada vez en maior medida esixe a composición demográfica da poboación.

A Universidade de Santiago de Compostela está interesada no achegamento da referida actividade a poboacións con esa demanda formativa, sendo o Concello de Vilagarcía de Arousa lugar idóneo para achegar a mesma á poboación de maiores da Comarca do Salnés.

O Programa Universitario de Maiores IV Ciclo expón grandes desafíos para dar respostas ás demandas do colectivo adulto-maior ante o envellecemento mundial cada vez mais uniforme e global. Respostas que parten dos principios dun envellecemento activo, da formación ao longo da vida e, neste caso concreto, da mellora mediática de maiores na sociedade por revertir en aspectos como a mellora da autoestima, maior grao de participación social, mellora das relacións interxeracionais.

A Universidade de Santiago e o Concello de Vilagarcía de Arousa suscribiron o 28/07/2021 o convenio de creación dunha sede de dito programa. Agora, propónse a súa renovación para impartir o 4º curso ao alumnado xa matriculado. O convenio manterase vixente por 1 ano dende a data da súa sinatura, que se corresponderá co curso académico 2024/2025.

A sede residirá, como nos anteriores cursos académicos, no Centro de Formación Matosinhos en Vilagarcía de Arousa.

O Concello de Vilagarcía de Arousa outorgará unha subvención de 14.585,00€ á Universidade para afrontar gastos derivados da docencia, coordinación, desprazamento, dietas e locomoción do profesorado e titores, así como do material didáctico necesario.

O prazo de xustificación da subvención finalizará o 30 de setembro de 2025, agás que se solicítase e concedese unha prórroga.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o citado convenio

SEGUNDO. Autorizar e dispoñer o gasto coa Universidade de Santiago de Compostela (Q1518001A) por importe de 14.585,00€ e con cargo aplicación orzamentaria 320-48900.

PRP2025/0696

A Xunta de Goberno Local de data 17/02/2025 aprobou o PROXECTO CANTAROUSA 2025 así coma do orzamento para a súa execución.

Vista a proposta da Concellería de Educación a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación dos servizos de deseño gráfico do Proxecto Cantarousa 2025 a D. Carlos J. Crespo Gómez polo importe total de 907,50 € (750,00 € + 157,50 € do 21 % do IVE) con cargo á partida 320 22706 de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0697

A Xunta de Goberno Local de data 17/02/2025 aprobou o PROXECTO CANTAROUSA 2025 así coma do orzamento para a súa execución.

Vista a proposta da Concellería de Educación a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación dos servizos de Foto e vídeo do Proxecto Cantarousa 2025 a D. Pablo Jueguen García polo importe total de 1.089,00 € (900,00 € + 189,00 € do 21 % do IVE) con cargo á partida 320 22706 de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0698

A Xunta de Goberno Local de data 17/02/2025 aprobou o PROXECTO CANTAROUSA 2025 así coma do orzamento para a súa execución.

Vista a proposta da Concellería de Educación a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación dos servizos de Dirección Artística do Proxecto Cantarousa 2025 a Dna. Marina del Carmen Penas Chaves polo importe total de 1.000,00 € con cargo á partida 320 22606 de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0725

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Tigran Poghosyan Gharibyan, para revisión técnica, afinación e regulación dos pianos da Escola Municipal de Música (1 media cola e 4 pianos verticais), por un importe total de 1.016,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0727

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Juan José Pintos Silva para o mantemento da páxina web, dominio e actualizacións da Escola Municipal de Música durante o ano 2025, por un importe total de 121,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MERCADOS

PRP2025/0739

Dáse conta do escrito presentado por Don/Dona Wahiba Laafar, solicitando un posto de venda ambulante, no mercado dos martes e sábados.

Dáse conta do informe do Xefe de Mercados no que se indica o seguinte:

Actualmente está feita a regulación da venda ambulante no mercado deste Concello, solicitando os vendedores ambulantes a licenza correspondente, previa a presentación da documentación esixida, en base ao Regulamento Municipal de Venda Ambulante, de data 20 de novembro de 2018, dita documentación se presenta no período comprendido entre o 15 de xaneiro e o 15 de febreiro, e sempre polo período de un ano.

É dicir estase procedendo á renovación anual aos vendedores que xa teñen autorización, polo que se quedara algún posto libre e o Concello o considera oportuno como así o indica o Regulamento Municipal de Venda Ambulante, se poderían sacar a licitación, coas bases correspondentes, á espera de como queden definitivamente conolidadas as zonas do mercado.

PRP2025/0740

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Giménez Borja, solicitando un posto de venda ambulante, no mercado dos martes e sábados.

Dáse conta do informe do Xefe de Mercados no que se indica o seguinte:

Actualmente está feita a regulación da venda ambulante no mercado deste Concello, solicitando os vendedores ambulantes a licenza correspondente, previa a presentación da documentación esixida, en base ao Regulamento Municipal de Venda Ambulante, de data 20 de novembro de 2018, dita documentación se presenta no período comprendido entre o 15 de xaneiro e o 15 de febreiro, e sempre polo período de un ano.

É dicir estase procedendo á renovación anual aos vendedores que xa teñen autorización, polo que se quedara algún posto libre e o Concello o considera oportuno como así o indica o Regulamento Municipal de Venda Ambulante, se poderían sacar a licitación, coas bases correspondentes, á espera de como queden definitivamente conolidadas as zonas do mercado.

PRP2025/0741

Dáse conta do escrito presentado por Dona Eva Maria pazos Rodríguez de denuncia pola permisividade e negligencia do Concello en relación con venda ilegal no mercado semanal de martes e sabados por parte de alguns vendedores.

Dáse conta do informe do Servizo de Mercados no que se indica que está feita a regulación da venda ambulante no mercado deste Concello, solicitando os vendedores ambulantes a licenza correspondente, previa a presentación da documentación esixida, en base ao Regulamento Municipal de Venda Ambulante, de data 20 de novembro de 2018, dita documentación se presenta no período comprendido entre o 15 de xaneiro e o 15 de febreiro, e sempre polo período de un ano.

É dicir estase procedendo á renovación anual aos vendedores que xa teñen autorización, comprobándose que o presunto vendedor ilegal ao que se refire ten formalizado todo o expediente de regulación coa licenza 41, para o ano 2025.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2025/0714

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 28, do martes 11 de febreiro de 2025, publicáronse as bases para subvencións da Deputación de Pontevedra para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia para o ano 2025 (procedemento SIA 687911).

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, seguimento e xustificación das axudas económicas, en réxime de concorrncia non competitiva, destinadas a crear, manter e reforzar os servizos de normalización lingüística dos concellos e doutras entidades locais da provincia no período que abrangue do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025.

Esta liña de axudas ten como finalidade consolidar o uso do galego como principal lingua de traballo e de comunicación nos concellos da provincia e coas súas administradas e

administrados a través da creación, do mantemento ou do reforzo de servizos de normalización lingüística (SNL) nas entidades previstas na base quinta das bases.

A finalidade principal dos SNL que se acollan a esta convocatoria debe ser a de incrementar o uso e o prestixio da nosa lingua en todos os ámbitos e sectores do termo municipal e non só no seo da propia Administración.

As subvencións están destinadas a financiar as retribucións do persoal técnico dos SNL das entidades solicitantes ás que vai destinada esta convocatoria. Estas entidades serán as encargadas de pagar directamente as nóminas do persoal técnico e as cotas da Seguridade Social.

A previsión de custos para 2025 do servizo de normalización lingüística do Concello de Vilagarcía de Arousa é a seguinte (gastos de persoal correspondentes á nómina da persoa adscrita ao servizo):

SNL	Total retribucións	SS empresa	Custo total
1 traballadora / 12 meses	35.216,52 €	9.286,60 €	44.503,12 €

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a presentación dunha solicitude para as subvencións da Deputación de Pontevedra para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia para o ano 2025 na liña de mantemento do SNL, dado que o Concello xa conta con este servizo, pola cantidade máxima subvencionable: vinte e cinco mil (25.000,00) euros.

Segundo: Facultar a técnica de Normalización Lingüística para a presentación e xestión telemática da dita solicitude.

XUVENTUDE

PRP2025/0661

A Concellería de Xuventude solicita á Xunta de Goberno Local, a ampliación do orzamento aprobado pola XGL do 16 de decembro de 2024, para a realización da seguinte acción cultural: FESTA DA TOMA DAS UVAS 24. É necesario ampliar o orzamento debido a dous gastos imprevistos que xurdiron durante o proceso. Estes gastos adicionais resultaron imprescindibles para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto.

Debido a que no seu momento, Fenosa non autorizou ao concello a ampliación da potencia solicitada para a realización do evento, tivemos que enfrentarnos a esta circunstancia imprevista, a través do aluguer dun xenerador a fin de asegurar a cobertura eléctrica do evento ante un potencial problema derivado da menor potencia suministrada. Consultado o departamento de Electricidade, propónse o aluguer dun xenerador a Iluminacións Santiaguesas, para garantir o desenvolvemento das actividades programadas.

Por outra banda, este ano, tivemos que adquirir o día do envasado das uvas, unha cantidade de bolsas de papel adicionais, debido a que as bolsas inicialmente previstas, non chegaron para facer fronte a cantidade de uvas enviadas baixo o patrocinio de Hiper Froiz.

Ao obxecto de garantir que o proceso de envasado non se vira afectado e poder cumprir co prazo establecido, foi necesaria a realización desta compra extra.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a ampliación do orzamento, nunha cantidade total de 337 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610, coa seguinte desagregación:

- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL, polo aluguer de xenerador o 31 de decembro de 2024, por un importe de 242 € (IVE incluído).
- PAPELERÍA ARINES CB, polo subministro de bolsas de papel Kraft asa pequena, por un importe total de 95 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/0708

Dáse conta da publicación no DOG do día 6 de febreiro de 2025 por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes dunha Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación ambiental para o ano 2025 destinadas a entidades locais de Galicia.

Segundo o anexo V ao Concello de Vilagarcía de Arousa correspóndenlle un importe máximo de subvención total de 10.917,46 euros, (2.460,46 euros en función do nº de aeroxeradores instalados no seu término municipal, e 8.457,00 € como importe máximo subvención pola lonxitude das liñas).

A actuación que se propón será no edificio da praza de abastos e suporá unha renovación do sistema de iluminación na zona da peixería mediante a colocación dun sistema de regulación e control da iluminación interior. Para iso instalárase un sistema de aforro de enerxía punto a punto ao suporá unha redución do nivel lumínico en función da luz diúrna.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente acorda aprobar a solicitude de subvención na liña de CONCORRENCIA NON COMPETITIVA para a realización da actuación de RENOVACIÓN DO SISTEMA DE ILUMINACIÓN NA PRAZA DE ABASTOS (ZONA PEIXERÍA), debendo aceptarse as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención.

Segundo o orzamento solicitado a actuación proxectada podería ascender á cantidade de 17.999,92 euros (IVE INCLUÍDO), polo que, sendo o importe da subvención de 10.917,46 euros, o Concello tería que asumir a diferenza (7.082,46 euros) en función do que finalmente resulte do procedemento de contratación.

TURISMO

PRP2025/0691

Vista a proposta do Concelleiro de Turismo e co fin de dar publicidade e promoción institucional do Concello e do baloncesto feminino, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do contrato menor e o patrocinio coa AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA, que ten dous equipos femininos competindo en ligas nacionais, por un importe de 2.420 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22602.

A contraprestación ao patrocinio materializarase na inserción, durante o ano 2025, da publicidade institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa na indumentaria e/ou material deportivo da entidade deportiva, afectando tanto a aspectos deportivos coma turísticos.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/0655

Mediante Resolución de transferencias, do 11 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos para o exercicio 2024 (BOE 19 de xullo de 2024). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 18.623,45€ (€).

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondos, corresponde á Área de Igualdade-CIM.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2024 e o 30 de xuño de 2025 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2025.

A prevención da violencia machista constitúe unha liña transversal e prioritaria para a Área de Igualdade-CIM, que se materializa en diferentes intervencións orientadas a traballar, dende

idades cada vez máis temperás, a igualdade entre homes e mulleres como estratexia de prevención e de promoción dunha sociedade máis xusta e equitativa e complementar a labor desenvolvida polo persoal docente nas aulas. Con esta proposta que se vai desenvolver nos centros educativos este ano, se pretende traballar a educación sexual a fin de responder ás inquedanzas do alumnado cunha información clara e respectuosa e promover relacións de bo trato, baseadas no respecto, a empatía e a igualdade de xénero.

Realizaranse un total de 52 obradoiros de 120m de duración cada un, no conxunto dos centros educativos da vila, dirixidos ao 3º ciclo da primaria ou ben ao 1º da secundaria, ou FP o seu caso.

Para a realización desta actividade propónse a aprobación da proposta económica que se adxunta con cargo aos Fondos do Pacto de Estado

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dos obradoiros e a adxudicación dos mesmos, de conformidade cos orzamentos presentados, con cargo á partida 2312.2261, coa seguinte desagregación:

Proveedor	Datos fiscais	Servizo a Prestar	Orzamento
SABELA MACEIRA MATO	45872490-W Arnois. Vieites nº5, 36584 A Estrada /Pontevedra 34282760-H	66 horas /obradoiros de Educación sexual nos centros educativos de Vilagarcía	4380,00€
LUCIA ALVÁREZ LÓPEZ	Rúa Gómez Ulla n 12, 4ºC 15702 Santiago – A coruña	38 horas /obradoiros de Educación sexual nos centros educativos de Vilagarcía	2560,00

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0700

Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día da Muller, a Área de Igualdade - CIM realiza habitualmente unha colaboración co Cine - clube Ádega compatible cos obxectivos do IV Plan de Igualdade do Concello que prevé nas súas áreas II e III a realización de actividades culturais que promovan a igualdade e a diversidade.

Na XGL aprobouse un orzamento de 500,00€ do cine clube Adega con motivo do 8M para a proxección dun filme, pero este ano xurdiu a posibilidade de contar coa participación de Marta Villar, membro do CIMA, cunha longa traxectoria profesional como directora de Arte e residente en Vilagarcía na actualidade. Esta circunstancia modificou a previsión inicial de realizar unha única proxección, por un ciclo de tres filmes, que ela presentará e comentará. Esta colaboración se vai materializar nun ciclo de cine con tres filmes dirixidos por mulleres que abordan aspectos como os coidados, a discriminación, o empoderamento e a reivindicación da igualdade

CINE CLUB ÁDEGA	G36018513 Apdo. Correos 205 36600 Vilagarcía de Arousa	- ciclo cine pola celebración do 8M	900,00€
-----------------	--	-------------------------------------	---------

En base ao exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Anular o acordo, de Xunta de Goberno Local de data 27 de xaneiro de 2025, de aprobación do orzamento de 500,00€ a favor do Cine Clube Adega.
- O reintegro de dita cantidade ao orzamento da área de igualdade.
- Aprobar o orzamento presentado por CINE CLUB ÁDEGA, por importe de 900,00€, con cargo á partida 2312.22610.

PRP2025/0701

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, en relación á solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade para o programa de apoio aos centro de información ás mulleres - CIM, ao abeiro da resolución de data 3 de xaneiro de 2025 (DOG 6 de febreiro), a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Solicitar subvención pra o Programa de apoio ao CIM, coa seguinte desagregación:

- Programa de apoio aos posto de dirección, apoio psicológico e asesoramento xurídico por

importe total de 134952,39€ para o período 01/04/2025-31/03/2026.

- Programa de apoio ao posto de axente de Igualdade por importe total de 58053,28€ para o período 01/04/2025-31/03/2026.

2.- A designación de Dona Julia Barbosa Sánchez que ocupa o posto de Directora do CIM para as tarefas de coordinación e comunicación coa Consellería de Política social e Igualdade

3.- Financiamento con cargo aos orzamentos desta entidade do custo das accións obxecto da axuda que non resulte financiado pola SXI.

4.- Acreditar que a entidade posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

5.- Que se aceptan expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

Asemade infórmase que:

- Para poder ser beneficiario desta axuda deberase ter cumprido o requisito de ter remitidas as contas do exercicio orzamentario 2023 ao Consello de Contas de Galicia.
- Os gastos do Programa Mantemento do CIM deberán estar pagados todos, con data 31 de marzo de 2026.

PRP2025/0702

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar unha subvención para a realización dun Programa para fomentar a Igualdade de Xénero, que pode ser incluído na liña 2, no epígrafe de Gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social, entre outras, dos Concellos, ao abeiro da convocatoria do do Plan de Obras e Servizos (Plan Mais Provincia 2024).

Ese programa consta de dúas actividades de promoción da Igualdade:

- Un curso de formación en competencias clave Nivel 2 dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero e outras situacións de vulnerabilidade cun orzamento de 6.690,00€ (IVE exento).
- Semana de actividades arredor do papel das mulleres na creación cultural, cun orzamento de 6.556,50€ (ive incluído)

Acórdase aprobar así mesmo a MEMORIA descritiva e o seu orzamento total, por importe de 13246.50€.

CULTURA

PRP2025/0677

A concellaría de Cultura ten programada a exposición “MANAZAS” do artista plástico vilagarcían José Luis Vázquez Meijide “MEI”.

A exposición estará aberta ao público do 7 de febreiro ao 16 de marzo de 2025, en horarios de luns a sábados de 10:30 a 13:30h e de 18:00 a 21:00h e domingos de 11:00 a 14:00h.

A fase de montaxe e desmontaxe comeza unha semana antes da inauguración e remata na seguinte desde a clausura.

A exposición conta cun total de 49 cadros onde se expresa a súa visión particular do cine e o deporte significado nas mans presentes en cada peza.

As obras que forman parte desta exposición alcanzan un valor estimado polo autor de 23.750,00€.- (VINTE E TRES MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS) e non son cubertas pola póliza xeral de RC do Concello, polo cal necesitan dun seguro específico, tal e como ven sendo costume neste tipo de exposicións artísticas.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por HISCOX SA, para asegurar o contido artístico desta exposición ascende a un total 214,14€.- (DOUSCENTOS CATORCE CON CATORCE EUROS) (Prima neta: 198,00€+Impostos: 16,14€+ CCS: 0,00€), con cargo á partida 334-224.

A data da cobertura é desde o 11 de febreiro ao 21 de marzo de 2025, para que cubra a montaxe

e desmontaxe da exposición.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0705

Dentro das actividades culturais programadas no mes de abril, está previsto a celebración do evento SOLIFEST 2025 no barrio de O PIÑEIRIÑO

Neste evento prográmanse actividades de gran atracción de público como; actuacións musicais, animación e xogos infantís, zona gastronómica etc., sendo a participación moi numerosa e diversa (familiar, en grupos, mocidade, maiores...)

Para as distintas actividades e sobre todo ás musicais, é necesario a colocación de equipos de son, e dado que o material existente nas dependencias do Auditorio, non son suficientes para a celebración dos eventos, é necesario o aluguer de equipo de son.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por CARLOS GALBÁN ZARAGOZA, por un importe total con i.v.e. incluído de 598,95€, con cargo á partida 334.203 correspondente o aluguer de equipo de son, necesario para as distintas actividades previstas no evento denominado SOLIFEST 2025 que se celebra no barrio de O Piñeiriño, o vindeiro día 13 de abril de 2025.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0707

Dentro das actividades culturais programadas, está previsto a actuación do artista GONZALO ARCA, presentando o seu traballo titulado “NI EL TIEMPO NI LA DISTANCIA”.

Esta a actividade programada levarase a cabo o vindeiro día 4 de abril de 2025, no Salón García .

O material existente no Salón García, (equipo de son, mesa mesturas..) e seguindo as indicacións técnicas e características, non son suficientes para a celebración do evento, é necesario o reforzo de material de son, para o bó desenvolvemento da actividade.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. DIEGO BASADRE BARREIRO, por importe total de 653,40 € ((VE incluído), con cargo á partida 334.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2025/0650

Dáse conta da seguinte Resolución da Deputación Provincial:

Por Resolución Presidencial núm. 2025001173, de data 18 de febreiro de 2025, concedéuselle ao Concello de Vilagarcía de Arousa, no marco do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), unha subvención por importe de 24.923,34 euros con destino ao financiamento dos honorarios da actuación “SUBMINISTRACIÓN DUNHA PISTA DESMONTABLE DE PVC NO PAVILLÓN MULTIUSOS DE FEXDEGA (PEID II) “ (exp.: 2025003829).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0658

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 25 de marzo de 2024, aprobou o proxecto técnico denominado “Proxecto básico e de execución de humanización da rúa Conde Valledano”, redactado polo arquitecto don Mariano Vázquez Iglesias, cun orzamento de 632.220,04 € (IVE engadido).

Con data 09 de outubro de 2024 se dita Resolución de Alcaldía por medio da cal aprobase o

